

MEMORIA BPS 2009

Carina Fernández Faya (directora)

ÍNDICE

1. MISIÓN _____páxina 2
2. OBXECTIVOS XERAIS _____páxina. 3
3. RECURSOS. COLABORACIÓNS _____páxina 4
 - Puntos de servizo públicos __p. 4
 - Instalacións e equipamento __p. 5
 - Colaboracións __p. 13
 - Recursos informativos __p. 18
 - Recursos informáticos __p. 32
 - Recursos humanos __p. 34
 - Recursos económicos __p. 38
4. SERVIZOS OFERTADOS _____páxina 40
5. USO DOS SERVIZOS _____páxina 43
 - Visitantes __p. 43
 - Préstamos __p. 47
 - Internet, ofimática, lectores DVD,CD __p. 55
 - Opac, Biblioteca dixital __p. 56
 - Espazos cedidos, act. de ext. cultural __p. 58
 - Ext. Bibliotecaria, outros servizos __p. 61
6. RESUME _____páxina 65
7. CONCLUSIÓNS _____páxina 69
8. OBXECTIVOS PARA O 2010 _____páxina 72



1. Misión

Manifiesto da UNESCO sobre a biblioteca pública

ésta é “o acceso local ó coñecemento, proporciona as condicións básicas para a aprendizaxe ao longo de toda a vida, para decidir libremente e para o progreso cultural do individuo e dos grupos sociais”.

Garante a todos os cidadáns a igualdade de oportunidades no acceso e uso das fontes do coñecemento e a cultura, facilitando o exercicio de dereitos fundamentais para as persoas e para a convivencia democrática.

Regulamento español das bibliotecas públicas (RD 582/1989)

encoméndalle como misión á Biblioteca a de promover o acceso á cultura en condicións de igualdade, libre e gratuitamente aos cidadáns a través da lectura así como mediante o coñecemento dos bens do noso Patrimonio Bibliográfico nela custodiado coa obriga de conservalo e enriquecelo. Tamén sinala como misión a de reunir, organizar e ofertar ao público unha colección equilibrada de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais que permitan aos usuarios manter ao día unha información xeral e mellorar a súa formación cultural, promovendo e estimulando o uso dos mesmos mediante os servizos necesarios e as actividades culturais derivadas e complementarias.

Pautas sobre os servizos das bibliotecas públicas

a biblioteca constitúese no primeiro centro de información local, portal de acceso á información que as tecnoloxías poñen ao noso alcance, centro de actividades culturais de primeiro orde, espazo de identidade que estimula os valores de interculturalidade, solidariedade e participación, lugar de convivencia e encontro. (Pautas sobre los servicios de las bibliotecas públicas. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2002.)

Lei de bibliotecas de Galicia 14/1989

expón como finalidade das bibliotecas públicas contribuír ao exercicio do dereito á cultura, ao enriquecemento do tempo libre e á promoción e difusión da lingua e da cultura galegas.

2. Obxectivos xerais

- *Difundir o concepto de biblioteca pública, dando a coñecer as súas funcións e servizos*
- *Potenciar a biblioteca como centro de información, lugar de encontro e de participación cidadá*
- *Identificar e dar resposta ás necesidades dos usuarios reais e potenciais*
- *Dinamizar e difundir a información e a cultura*

3. Recursos utilizados. Colaboracións

Puntos de servizo públicos de Compostela

Biblioteca Pública Ánxel Casal. Dependencia admva. Xunta de Galicia

Bibliotecas municipais. Dependencia admva. Concello de Santiago

- Biblioteca municipal de Fontiñas
- Biblioteca municipal de Vite
- Biblioteca municipal de Conxo
- Biblioteca municipal da Trisca

Total : 2 unidades administrativa con 5 puntos de servizo para unha poboación no 2009 de 95.092 habitantes

Indicadores

	2005	2006	2007	2008	2009	Media española 2008
Habitantes x pto de servizo	18583,8	18691,6	18742,4	18867,8	19018,4	9300,8

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.html>

- *Claramente o número de puntos de servizo son sumamente deficitarios para a poboación existente, o dobre de habitantes que na media española están servidos por un só punto de servizo bibliotecario público. A situación foi exposta ao Concello de Santiago que debera ser o responsable de crear unha rede bibliotecaria municipal, non hai intención algunha de facela nin de atender e manter adecuadamente os centros existentes que nin sequera teñen un orzamento propio, nin un catálogo común.*

Instalacións e equipamento

Espazo útil da biblioteca 5.076 m²

Por riba da media estatal que é de 4.300 m² (*Estudo estatístico das Bibliotecas Públicas, ano 2006 do Ministerio de Cultura).

Segundo a IFLA nas “Directrices para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas” as bibliotecas municipais de poboacións de máis de 50.000 habitantes deben ter unha superficie construída total entre 2.860 e 3.300 m². Nos estándares da Deputación de Barcelona a unha biblioteca central dun municipio de 100.000 hab. correspóndelle unha superficie construída de 5.070 m².

http://www.diba.cat/biblioteques/documentspdf/Estandards_catala.pdf Polo que a BPS ten unha superficie cando menos adecuada.

1.827 m² de uso interno

3.248 m² de uso público

BPS	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2000*	Estándar IFLA**
m ² x 1000 habitantes	54 m ²	32,6 m ²	22 m ²	56 m ²

O 61,07 % da edificación está orientado cara o público. O importante non son os documentos, é o público.

En m² por habitante está por riba da media das bibliotecas nodais de Galicia e cerca do estándar internacional da IFLA

*Las bibliotecas p'ublicas en españa. Una realidad abierta. Madrid : FGSR, 2001

**Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas. 2001

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. A media do resto das Nodais está baseada na información do portal da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/>

Espazo de uso bibliotecario 3.704 m²

Reparto dos espazos

Espazos	m ²
3º andar (consulta)	887 m ²
Sala infantil	436 m ²
Hemeroteca	190 m ²
Bedeteca	165 m ²
Audiovisuais	103m ²
2º andar (consulta)	618 m ²
Zona informática	130 m ²
Despachos	420 m ²
Depósitos	482 m ²
Salón de actos	119 m ²
Outros	914 m ²

Reparto dos espazos segundo estándares Diputació de Barcelona 2008 http://www.diba.cat/biblioteques/documentspdf/Estandards_catala.pdf

Bca central comarcal en municipios de 100.000 hab.				BPS	
Zonas públicas 3515	Zona de acollida e promoción 645	Vestíbulo	270	137	
		Sala polivalente	200	119	
		Almacén	25	9,5	
		Espazo de soporte (2)	90	56 (2)	
		Espazo de formación	60	0	
	BPS 856 (3)	Zona xeral 2230	Área de información e fondo xeral	1835	1725
			Área de música e imaxe	175	103
	BPS 1725	Zona infantil 640	Área de diarios e revistas	220	190 (4)
			Área de información e fondos inf	500	436
			Espazo de soporte	50	0
Zonas para o persoal 385	BPS 436	Espazo de actividades	90	0	
		Zona de traballo interno 385	Despacho de dirección	15	40 (1)
			Sala de reunións	20	
		BPS 811	Espazo de traballo interno	50	171
			Depósito documental	150	482
			Almacén loxístico	25	96
	Descanso persoal	25	22		
Total zona do programa			3900 m2	3894 m2	
Zonas de servizos 1521 BPS 1182,5	Instalacións de limpeza		30% do total	1182,5	
	Corredores, etc.				
	Aseos				
Superficie construída total			5070 m2	5076 m2	


(1)O despacho de dirección inclúe unha mesa para reunións na mesma estancia

(2)Por espazo de soporte enténdense as salas onde se fan reunións en grupo, obradoiros, etc. Poño 56 no baixo aínda que en realidade están no 3º andar.

(3)Sumo toda a zona do baixo, pero non aparece recollida a bedoteca nas áreas estándares.

(4) A área de revistas na BPS está no baixo, non na zona xera, pero súmoa neste apartado

Reparto de M2



Da comparativa cos estándares cataláns recomendados pola IFLA observamos que o espazo adicado a Vestíbulo, Infantil, Sala polivalente, Hemeroteca, Música e imaxe, a de Fondo xeral e información e as zonas de instalacións e servizos son insuficientes (estas últimas non chegan ao 30% do total). Mentres que son inexistentes as zonas de soporte en todos os andares menos no 3º e as de almacenamento por cada unha das áreas (só hai un pequeno no baixo) o cal dificulta moito o almacenamento a curto prazo. En cambio resultan grandes en exceso o espazo de traballo interno, que é máis do dobre, o almacén e o depósito central, tamén máis do dobre do recomendado. O despacho de dirección tamén é moi grande incluso dividíndoo en sala de reunións e dirección, deberían estar diferenciados estes 2 espazos para bibliotecas de ate 20.000 habitantes. O espazo de aparcamento é unha grande carencia para o persoal, o aparcamento de enfrente é de cobro e sen ningunha redución para o persoal. É necesario crear eses espazos de soporte para aulas que permitan levar a cabo a misión formativa que teñen hoxe en día as bibliotecas, as 2 salas de traballo en grupo no 3º andar que ocupan 56 m² acollen os clubs de lectura, as reunións, moitos cursos, obradoiros, etc., é dicir, están 7 sobrecargadas no uso.

Postos de lectura / consulta

Neste ano estiveron dispoñibles **449 postos de lectura/consulta** (inclúe postos de opac, internet, audiovisuais e simple posto de lectura)

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2008	IFLA 2001
Postos de consulta	81	81	81	418	449	313		
Habitantes x posto	1147	1154	1157	226	212	547	177,06	
Postos area xeral x 100 hab					2			1
Postos infantís x 100 nenos					0,95			1,5
Postos hemeroteca x 2500 hab					0,7			1

A pesar do grande incremento dos anos 2008 e 2009 e a pesar de superar con creces a media galega, os indicadores que os relacionan coa poboación en cantidades sitúanos cun déficit de postos fronte a media española e tamén con déficit con respecto á IFLA nalgúns zonas concretas como na sala infantil e na hemeroteca, mentres que na zona xeral duplica a indicación da IFLA. Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia

:<http://www.rbgalicia.org/>. A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.html>

Reparto de postos por zonas

Distribución	P.Lectura	OPAC	Internet	Audiov	Ofimatica	TOTAL
3º andar (consulta)	163	3	7			173
2º andar (consulta)	46	5	2	9		62
Infantil	97	3	4	2	1	107
Bedeteca	35	2				37
Hemeroteca	27	2				29
Fondo Local	4					4
Zona internet	15		21		1	37
TOTAL	387	15	34	11	2	449

Non se contabilizaron os 14 postos da zona de descanso (futura cafetería)

Entre os postos de lectura hai 61 postos que dispoñen de enchufe polo que poden **usarse con portátil**

Comparativa cos estándares do Reparto dos postos por zonas

		Plan Bcas Barcelona 98-2010*
P. de consulta	BPS 2009	Bca de 3900 m2
Área xeral	209	145
Área infantil	105	75
Revistas-mesa	18	20
Revistas-informal	9	25
Audiovisuais	11	25
Sala polivalente	75	150

		Estand Dip Barc 2001*
		100.000 hab
P. lectura	BPS 2009	Bca Central Comarcal
Área de revistas	27	50
Zona de inf e fondo xral	209	176
Espazo música e imaxe	11	10
Zona infantil	97	48
Total	387	284
P. traballo interno	31	18

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. (*)"La arquitectura de las bibliotecas : Recomendaciones para un proyecto Integral". Col-legi d'Arquitectes de Catalunya. Santi Romero, 2001


En cantidade de postos de lectura a BPS conta con moitos máis dos precisos, sen embargo non están ben distribuídos posto que na comparativa cos estándares nos indica que hai demasiados postos de lectura na zona Xeral e en Infantil (en cambio no caso da infantil en postos x habitante saen deficitarios), mentres que os de Hemeroteca son insuficientes (case habería que duplicalos, poñer especial atención aos de lectura informal que son máis), así coma os de Audiovisuais (aínda que parecen contradicirse os propios estándares), os da sala polivalente (son xusto a metade dos recomendados). Xustamente tamén son insuficientes o espazo para as mesmas zonas como sinalabamos anteriormente : Hemeroteca, Audiovisuais e a Sala polivalente (neste último caso dificulta facer actos de grande envergadura con moita asistencia de público). Tamén os postos x habitante da unha cantidade inferior no caso da Hemeroteca.

Metros liñais de estanterías para a colección

	Bca Central Comarcal			
	100.000 hab	BPS 2009		
Estanterías (m. liñais)	Estand Dip Barcelona*	Metros estantería	Ocupados	Libres
Libre acceso		3132	1782 (57%)	1350 (43%)
Depósitos		3454	1961 (57%)	1493 (43%)
TOTAL	3067	6586	3743 (57%)	2843 (43%)

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. (*) "La arquitectura de las bibliotecas : Recomendaciones para un proyecto Integral". Col·legi d'Arquitectes de Catalunya. Santi Romero, 2001

Metros liñais de estantería



A ocupación aínda é de algo máis da metade, queda moito espazo libre para medrar, a dotación mobiliaria de estanterías é máis ca suficiente en depósito, en libre acceso de momento non precisa ampliación, pero de cara ao futuro prevese a necesidade de máis estanterías no 3º andar. Os estándares indican que temos o dobre de metros dos indicados como necesarios.

Equipamento informático

	Ordenadores	Orden c internet	Orden s internet	Impresoras	Escáneres	Lectores/gr av cd-rom	Lectores/gr av DVD
Uso público	55	52	3	2	1	54	54
Uso interno	28	27	1	5	2	28	28
TOTAL	83	79	4	7	3	82	82

Indicadores

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2008
Ordenadores públicos	0	0	0	53	55	25,6	
Orden pub para acceso internet	0	0	0	36	34	23,2	
Ordenadores pub x 2500 hab	0	0	0	1,4	1,4	0,8	
Ordenadores pub para acceso a internet x 10.000 hab	0	0	0	3,8	3,5	1,4	6,01

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm> .Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/>

Comparativa cos estándares cataláns

			Bca Central Comarcal
		Plan Bcas Barcelona 98-2010*	100.000 hab
Nº de ordenadores	BPS 2009	Bca de 3900 m2	Estand Dip Barc 2001*
PC xeral	51	20	
OPACs	15		10
Consulta internet	34		12

(*)"La arquitectura de las bibliotecas : Recomendaciones para un proyecto Integral". Col-legi d'Arquitectes de Catalunya. Santi Romero, 2001

	Bca Central Comarcal	
	100.000 hab	
	Estand Dip Barcelona 2001*	BPS 2009
Autopréstamo	2	1

Os datos da BPS son tomados das **Estadísticas oficiais anuais**. (*)”La arquitectura de las bibliotecas : Recomendaciones para un proyecto Integral”. Col·legi d'Arquitectes de Catalunya. Santi Romero, 2001

O nº de ordenadores parece máis ca suficiente comparados co resto de Galicia e tamén segundo os estándares cataláns, sen embargo a media española do 2008 que é a máis actualizada nos deixa na metade dos recomendados aproximadamente. O feito é que cada vez son máis necesarios nas bibliotecas para calquera tarefa e moi solicitados polos usuarios, xa houbo algunha reclamación pola escaseza dos mesmos na zona infantil.

A páxina web aparte da consulta do catálogo, ofrece outras opcións informativas (calendario de actividades, recursos web...) e a posibilidades de facer xestións desde a páxina. Na web tamén se da acceso a numerosos recursos electrónicos que forman a Biblioteca dixital da Rede de Galicia que permite a consulta de enciclopedias, dicionarios, vídeos documentais e hemerotecas virtuais, chamámola a Biblioteca dixital.

Neste 2009 o Ministerio comprou un portátil para a BPS : 815 euros investidos

Hai conexión wifi en todo o edificio

Equipamento non informático

Lectores DVD	Lector Blu-ray	Lectores	TV	Fax	Tifs.	Plastificadoras	Encadernadora	Fotocop. uso interno	Fotocop. uso público	Canón proxector	Caeda musical	Equipo son	Pantalla proxectora
12	1	12	13	1	18	2	1	4	3	1	1	1	1

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais.

A BPS conta con **megafonía** en todo o edificio

Colaboracións

Fixéronse os primeiros achegamentos ao Concello nas áreas de Cultura para a programación cultural e diversas colaboracións puntuais, Cidade Vella para a creación dunha terraza diante da biblioteca e Parques e Xardíns para actividades de extensión bibliotecaria nesas zonas e para o mantemento do xardín da biblioteca.

Tamén co Consorcio de Santiago para crear o fondo e servizo de información local, foron doantes desinteresados da meirande parte do fondo bibliográfico.

A dirección forma parte do proxecto Compostela Cultura para crear iniciativas culturais.

Colaboracións coa Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega para facer encontros cos autores.

Coa biblioteca do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago para prestarlles lotes de libros, o mesmo que co cárcere de Teixeiro e cos diversos institutos e colexios.

Coa Universidade de Santiago de Compostela para chegar a facer algunha actividade de intercambio profesional ou de formación de usuarios.

Coa biblioteca de Caixa Galicia para intercambio de libros de clubs de lectura.

Melloras das instalacións no 2009

Mecanización das portas da entrada, resultaban moi pesadas

Recorte do mostrador de Infantil, os nenos nos se vían doutro lado

Tarima para o escenario do salón de actos

Instalación de máis persianas motorizadas

Melloramento acústico do salón de actos e salas de traballo en gruo (3º andar)

Reforma de instalación eléctrica na sala infantil (zona escura) e no andar baixo para poñer outro OPAC

Melloras na sinalización interna

Deseño de debuxo mural para a Bedoteca (Programa Bibliotecas ilustradas)

importe total : 56.288 euros

Melloras do mobiliario e equip. informático no 2009

- 4 sillas ergonómicas para traballo
- 3 sofás de 2 prazas para a hemeroteca
- 5 carros portalibros metálicos mod. Selma
- 3 vitrinas altas
- 1 archivador metálico
- 3 mobles para OPACs
- 9 mesas abatibles con rodas
- 6 mobles expositores de comic
- 3 mesas para terraza
- 12 cadeiras para terraza
- 3 parasoles
- 1 equipa de autopréstamo
- 1 ordenador portátil

importe : 107.897 euros

Posibles melloras nas instalacións para o ano seguinte

Recorte dos mostradores e reforma do mostrador de información

Acondicionamento eléctrico das salas de traballo para facer cursos de informática nelas

Reforma eléctrica para permitir o uso de portátiles na zona de internet

Engadir máis enchufes e tomas de internet no salón de actos para posibles clases

Poñer detectores de presenza nas luces do soto para aforrar enerxía

Cafetería

Completar rótulo exterior co nome completo da Biblioteca

Pechar con vidro zona de internet

Posibles melloras no equipamento para o ano seguinte

Instalación de máis persianas nas zonas máis solleiras

Flexos nos lugares de traballo

Engadir máis lectores-reprodutores de DVD e BLU-RAY e pantallas

Expositores de libros para estanterías de obra e para folletos de mostradores

Sinalética de baldas

Carro de extensión bibliotecaria

Reprodutor de discos de vinilo

Incremento de postos de lectura informal

Proxector móbil para levar a zonas necesarias

Incremento de portátiles para facer cursos

Recursos informativos

Inclúe toda a colección documental estea no soporte que estea, incluíndo o fondo conseguido por préstamo interbibliotecario ou mediante recursos electrónicos en liña.

Fondo documental

Total : 95.660 documentos

Libros e folletos : 88.291 exemplares

Documentos sonoros : 1.773

Documentos audiovisuais : 3.851

Documentos electrónicos : 858


Documentos cartográficos : 8

Música impresa : 36

Periódicos : 37

Revistas : 806 títulos

Composición da colección total



BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais (2008)	Media española (2008)	Media UE (2001)	IFLA
Volumes x habitante	0,35	0,35	0,36	0,8	1	1,06	1,52	2,2	1,5-2,5
Libros x habitante					0,9	1,1	1,34		
Audiov x 1000 hab					40,5	52,4	134,73		

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>. A media da UE de : "Las colecciones de las bibliotecas públicas en España. Informe de situación". Ed. 18 Electrónica, FGSR, 2003.

A cantidade de documentos por habitante aínda non é a suficiente a pesar do forte incremento dos últimos 2 anos. Non alcanzamos a media galega, nin a española e por suposto tampouco a da IFLA ou a UE. O nº de audiovisuais en relación coa poboación é sumamente baixo con respecto á media española, é necesario un importante incremento.

Comparativa cos estándares cataláns

Cantidades	BPS 2009	Estand Dip Barc 2008* Bca Central, 100.000 hab	IFLA
Fondo xeral total	83116	84000	
Coñecementos	21048	48750	
Ficción	18901	20150	
Música e imaxe	6373	15100	
Fondo Infantil total	11695	16000	1/3 do total
Coñecementos		6400	
Ficción		8000	
Música e imaxe	1024	1600	
Total	95660	100000	
Revistas e diarios (títulos)	843	240	

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. (*)http://www.diba.cat/biblioteques/documentspdt/Estandards_catala.pdf Os da IFLA : "Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas". IFLA, UNESCO, 2001.

Segundo a comparativa cos estándares cataláns observamos que temos a cantidade total é moi próxima ao recomendado, en canto ás seccións vemos que a división adultos-infantil está bastante be, só lle faltaría medrar á colección infantil nuns 6.000 exemplares.

A sección de ficción de adultos está tamén moi próxima ao recomendado, sen embargo os coñecementos teñen que duplicarse e algo máis (aínda que os datos de ficción e non ficción non teñen en conta os fondos que hai en depósito). Tamén a música e imaxe ten que multiplicarse por 2,3. Na sección infantil non temos datos separados de coñecementos e ficción, en música e imaxe aínda hai que aumentar a colección nuns 600 documentos.

Desde logo o que hai que reducir é o número de diarios e revistas, dividilos por 4.

Crecemento da colección

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2008
Fondos adquiridos	3565	3	601	42275	16510	9886,80	
Total de fondos	33298	33301	33902	80302	95660	157059	
% crecemento da colec	11%	0,009%	2%	53%	17%	8,2%	6,5

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>.

Indicadores

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española (2008)	Media UE (2001)	IFLA
Adq de fondos x1000 habitantes	38,3	0,03	6,4	448,3	173,7	65,54	124,32		
Libros por persoa / ano	0,03	0,000003	0,006	0,4	0,17				0,20
Libros por cada 1000 hab / ano	38	0,03	6	448	174				200

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>. A media da UE de : "Las colecciones de las bibliotecas públicas en España. Informe de situación". Ed. Electrónica, FGSR, 2003. Os datos da IFLA de : "Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas". IFLA, UNESCO, 2001

O crecemento da colección estes 2 últimos anos foi impresionante, rebasando todas as medias con creces (duplicáronse este ano e multiplicáronse por 8 ou 9 o anterior), sen embargo os indicadores de crecemento da IFLA con relación á poboación marcan como insuficientes a cantidade de compras por habitante ao ano, falan dunha necesidade de renovación anual moi forte.

Informatización dos fondos


No 2009 se informatización 83.012 exemplares de libros e materiais especiais e 6.280 exemplares de publicacións periódicas. En total 89.292 exemplares. A finais do ano estaba informatizado o 88,27% do total do fondo, en total 94.048 documentos (libros e materiais especiais). Os materiais especiais superan todos o 90% de automatización, son os libros e folletos os que se quedan por debaixo 88%. Das publicacións periódicas só está catalogado en programa informático un 18,98% (160 títulos dos 843 existentes), é o fondo documental con máis baixa informatización. O programa utilizado segue a ser Absysnet que se comparte con 19 bibliotecas da Rede de Galicia formando un catálogo colectivo.

Tipoloxía documental

Libros : 88.291 (92%)

Non-libros : 7.369 (8%)

Libros vs non-libros



Os libros seguen sendo claramente dominantes no conxunto da colección, é necesario diversificar máis os materiais e aumentar os audiovisuais que soportan un peso enorme dos préstamos e que os indicadores nolos sinalan como moi escasos. As coleccións doutros materiais tamén é notablemente escasa.

Os cómics representan un 4% da colección total e un 4,2 da colección de libros.

Tipoloxía dos non-libros

Audiovisuais : 5.624 (6% de toda a colección)

Sonoros : 1.773 (2% de toda a col.)


Electrónicos : 858 (1% de toda a col.)

Pub. Periódicas : 843 (1% de toda a col.)

Música impresa : 36 (0,03% de toda a col.)

Cartográficos : 8 (0,00% de toda a col.)


Tipoloxía dos non-libros



Colección en depósito vs. libre acceso

Depósito : 29.716 documentos (31%)

Libre acceso : 65.944 documentos (69%)



O acceso libre é fundamental hoxe en día para que os documentos sexan máis visibles e atractivos e facilita a exploración do usuario. A BPS está claramente volcada en ese sentido.

Reorganización dos fondos no 2009

Durante este ano levouse a cabo un cambio importante dos fondos que obedecen en parte á necesidade de previsión e por outra á necesidade de adaptarse ás preferencias do público. Rompemos a división típica da biblioteca pública en Galicia de sala de préstamo e sala de lectura, dando paso a unha distribución dos fondos máis racional en función da temática e sinalamos convenientemente se o documento se prestaba ou non a domicilio. Ademais deuse preferencia á división do fondo en ficción (o máis consultado) e non ficción. Tamén se fixeron os primeiros Centros de interés que rompen a característica división da CDU creando centros transversais de temáticas polas que pregunta o público habitualmente e que prefire atopar xuntas que nos seus correspondentes números da CDU : Viaxes, Linguas, Música, Cine.

Coa reorganización do fondo houbo que facer un cambio de mobiliario onde se tiveron en conta as previsións de crecemento do fondo para os próximos 5 anos.

Isto acompañouse por unha mellor sinalización das estanterías.


Composición da colección por idiomas

Idiomas	Nº exemplares	Idiomas	Nº exemplares
Español	42.231	Braille	22
Galego	12.400	Ruso	17
Multilingües	1806	Árabe	11
Portugués	1107	Esperanto	5
Inglés	2117	Xaponés	6
Catalán	382	Checo	3
Francés	425	Holandés	3
Italiano	206	Chinés	3
Alemán	151	Rumano	1
Outros	68	Tailandés	1
Euskera	54		

Porcentaxes máis importantes

Español	69%
Galego	20%
Portugués	2%
Resto linguas do Estado	0,00%
Inglés	3%
Francés	0,7%
Alemán	0,2%
Italiano	0,3%
Resto	3,4%

Colección por idiomas



O predominio do español sobre as outras linguas é aplastante, nunha biblioteca coa misión de promocionar e difundir o idioma galego é evidente a necesidade de aumentar este fondo, ademais da misión encomendada a toda biblioteca pública de facer un esforzo especial con todas as minorías. A comunidade estranxeira máis numerosa dentro da poboación santiaguesa é a lusófona, esta razón unida á proximidade filolóxica do galego co portugués fai necesario ter unha representación máis importante desta lingua. Tamén hai que aumentar a porcentaxe de idiomas estranxeiros máis demandados dos que só o inglés ten unha representación respectable. As linguas do Estado son tamén unha minoría á que hai que respostar.

Composición da colección por seccións

Banda deseñada : 4.171 exemplares

Fondo Local : 1.326 exemplares

Fondo Antigo : 535 exemplares

Literatura e Biografías : 10.935 exemplares

Cine : 2.040 (obras cinematográficas) + 417 libros = 2.457 exemplares

Música : 1.255 (obras musicais) + 429 libros = 1.684 exemplares

Linguas : 1.279 exemplares (AL 54, CA 0, EU 4, FR 544, IN 641, IT 18, LA 0, XT 18)

Viaxes : 770 exemplares

Documentos informativos : 16.200+627 audiovisuais = 16.827 exemplares


Infantil - xuvenil : 12.830 exemplares

Duplicados : 3.740 exemplares

Depósito : 23.827 exemplares

Revistas-prensa : 843 títulos

Seccións da colección



Composición Ficción – Non ficción

Ficción : 31231

Banda deseñada : 4.171 exemplares

Literatura e Biografías : 10.935 exemplares

Cine : 2.040 obras cinematográficas

Música : 1.255 obras musicais

Infantil - xuvenil : 12.830 exemplares

Non ficción : 21891

Fondo Local : 1.326 exemplares

Cine : 417 libros

Música : 429 libros

Linguas : 1.279 exemplares

Viaxes : 770 exemplares


Documentos informativos : 16.827 exemplares

Revistas-prensa : 843 títulos


Non se sabe : 28102

Duplicados : 3.740 exemplares, Depósito : 23.827 exemplares, Fondo Antigo : 535 exemplares


Ficción vs non ficción



Seccións de Ficción



Seccións de NON Ficción



Composición por CDU de todo o fondo

Todo o fondo (inclúe infantil e depósito) Segundo a catalogación : CDU N° de exemplares -

0 : 7663

1: 2631

2 : 1503

3: 8952

4 : 31

5 : 3603

6 : 5328

7 : 12945


8 : 33.434

9 : 63

Sen CDU- 11999

Total exemplares: 89432

Colección por CDU (catalog)



O dominio do 8 (literatura na maioría) e logo do 7 (cine fundamentalmente) indica unha colección enfocada cara o ocio basicamente que se ve moi ben na división do fondo en ficción e non ficción.

Composición por CDU do fondo de adultos en acceso directo (polas signaturas) :

0 : 1.501 libros + 1 audiovisual +26 rec. electrónicos = 1.528

1 : 1.342 libros + 3 audiov + 8 rec electr = 1.353

2 : 708 libros + 6 audiov = 714

3 : 3.583 libros + 24 audiov + 9 rec electr = 3.616


5 : 1.228 libros + 192 audiov + 11 rec electr = 1.431

6 : 2.298 libros + 65 audiov + 14 rec electr = 2.377

7 : 4.463 libros+3.467 audiov +6 rec electr = 7.936

8 : 12.403 libros + 4 audiov + 25 rec electr = 12.432

9 : 2.874 libros + 141 audiov + 6 rec electr = 3.021




A composición da colección está claramente desequilibrada cara o 8 e o 7, que tamén son os máis solicitados, perohai números que están moi desatendidos coma o 5 e o 6 que son moi amplos e que non están ben representados co que fai da biblioteca un destino inhabitual para a busca de información sobre a ciencia.

A colección infantil

Fondo de adultos : 83.959 (88%)

Fondo infantil : 11.701 (12%)

Fondo adultos vs Fondo infantil



Aínda que a poboación infantil santiaguesa é reducida (11.031 nenos e nenas, un 12% do total da poboación) e a división nos da un resultado de 1 vol. por habitante infantil, segundo a comparativa coa Dip. de Barcelona habería que aumentar o fondo nuns 6000 documentos, en cambio os indicadores da IFLA din que o fondo infantil debe supoñer o 33% da colección, polo tanto sería necesario aumentar este fondo ate cubrir esa porcentaxe do 21% que nos falta. Ambos estándares coinciden en todo caso en poñer especial acento nos materiais especiais, polo menos aumentalos en 600 documentos


Tipoloxía documental do fondo infantil

Libros : 10.479 (90%)

Non libros : 1.222 (10%)

Os cómics infantís son 205 (1,7% da col. Infantil, o 1,9% dos libros infantís)

Colección infantil : Libros vs Non-libros



Tipoloxía dos non-libros infantís


Audiovisuais : 844 (7% da colección inf.)

Electrónicos : 192 (2% da col. inf.)

Sonoros : 180 (1,5% da col. inf.)

Pub. Periódicas : 6 (0,05% da a col. inf..)

Colec. infantil : Tipoloxía dos Non-libros




A colección en función do Préstamo

Só contamos a colección que está catalogada.

Prestables : 81.580 (91%)

Non prestables : 7.855 (9%)

A Colección segundo o préstamo



Se facilita claramente a consulta a domicilio de practicamente todo o fondo.

Colección Dixital

Recurso dispoñible para toda a Rede de Bibliotecas de Galicia, accesible desde a páxina web de cada biblioteca. Accesibles : 113 libros electrónicos, Base de datos ICONOCE de prensa antiga e moderna e os recursos CER (Compendio Educativo en Red) e E-Junior.

Durante este ano tivo un total de 1.152 accesos desde a nosa biblioteca o ano anterior foron insignificantes.

A colección dixital é un recurso claramente novidoso que necesita máis promoción pero que resulta sumamente eficaz pola súa accesibilidade a distancia.

A resaltar no ano sobre os Recursos informativos

Prosegue o esforzo de crear unha colección digna para a poboación existente, está en fase de creación.

Segue destacando a colección de comics.

Se están recuperando para o catálogo automatizado os documentos de Fondo Antigo (anteriores a 1960).

A destacar que a Biblioteca dixital cada vez é máis consultada e que necesita de máis promoción.

Posibles melloras

Segue a existir un importante desequilibrio na colección que se ve aínda pouco dotada de materiais especiais fronte aos libros e publicacións periódicas.

O fondo infantil tamén debe ser reforzado cuns 6000 documentos polo menos fronte ao fondo de adultos.

Prima como na maioría das bibliotecas públicas as seccións de Humanidades e Letras sobre as Ciencias, hai que mercar máis do fondo de coñecementos.

O idioma galego non ten suficiente representatividade e hai que aumentar máis o portugués.

Recursos informáticos

Acceso público a internet na BPS

Acceso público a internet na BPS	Nº postos 2008	Nº postos 2009
Sala informática	21	22
Sala infantil	4	4
2º andar	2	2
3º andar	9	7
TOTAL	36	35

Indicadores

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Estandar catalán 2008*	Media española 2008
Orden pub para acceso internet	0	0	0	36	34	23,2	31+20 formacion	
Ordenadores pub para acceso a internet x 10.000 hab	0	0	0	3,8	3,5	1,4		6,01

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>.(*) Para bibliotecas centrais en municipios de 100.000 habitantes http://www.diba.cat/biblioteques/documentspdf/Estandards_catala.pdf

A cantidade aínda é insuficiente, queda á metade da media española e faltan 20 para chegar ao estándar catalán a pesar de ser máis elevada cá das Nodais

Ordenadores de ofimática

Segue a haber 2 ordenadores adicados a ofimática (1 na sala de informática e outro na sala infantil). O da sala de informática tamén está conectado a un escáner de uso público e conectado coa impresora de uso gratuíto.

OPACs

OPACs	2005	2006	2007	2008	2009
Baixo	0	0	0	5	5
Sala infantil	0	0	0	3	3
2º andar	0	0	0	5	5
3º andar	0	0	0	2	4
TOTAL	0	0	0	15	17

A resaltar no ano sobre os Recursos informáticos

Solicitouse a compra de máis ordenadores para a Sala infantil, hai queixas polos poucos ordenadores para esta franxa de idade.

Incrementouse a cantidade de información que ofrece a web da Biblioteca que se actualiza constantemente.

Solucionouse o problema das memorias externas nos ordenadores de acceso a internet para o público.

Posibles melloras

Hai que incrementar o nº de ordenadores, especialmente na sala infantil e os destinados a formación

Creación dunha conta da biblioteca no Facebook e no Twitter, os recursos web 2.0 de máis éxito actualmente que poden facer máis visible a biblioteca na rede.

Necesidade de mellorar o programa informático que controla os accesos a internet : conservar o tempo de sesión no mesmo día para abrir en varias ocasións, control das impresións...

Segue sen haber un posto informático accesible para persoas con dificultades corporais ou psíquicas.

Recursos humanos


Cadro de persoal

RRHH BPS	2005	2006	2007	2008	2009
Técnicos grupo A	0	0	2	3	3
Técnicos grupo B	1	2	4	6	6
Técnicos grupo II	1	1	1	1	1
Auxiliares grupo IV	0	0	18	18	15 (3 vacante s)
Subalternos grupo E	1	1	1	1	1
Ordenanzas grupo V	3	3	5	8	8
Bolseiros :	0	0	0	7 (9 meses)	4 (6 meses)
TOTAL	6	7	29	44	38
Persoal consolidado				37	37

Empresas externas de mantemento

Mantemento	2008	2009
Limpeza	Blancomar (4 persoas)	Blancomar (4 persoas)
Vixiancia	Esabe (2 persoas)	Esabe (2 persoas)
Font-calefact.	Iglesias Mirás	Iglesias Mirás
Electricidade	Cymel	Cymel
Alarmas	Norseguridade	Norseguridade
Xardinería	O angazo	O angazo?
Ascensores	Kone	Kone
Extintores	Tambre	Tambre
Fotocopiadoras	Xeinfo, Konica, Ricoh	Konica , Ricoh
Expendedoras	Gerlo	Gerlo

Evolución do persoal



Empresas subministradoras

Subministros	2008	2009
Auga	Aquagest	Aquagest
Electricidade	Unión Fenosa	Unión Fenosa

Comparativa cos estándares cataláns

Recursos Humanos	BPS 2009	Bca Central Comarcal 100.000 hab (Estandar Dip Barcelona 2008*)
Director bibliotecario	1	1
Subdirector bibliotecario	1	1
Bibliotecarios	8	3 ou 4
Técnicos auxiliares	15	9 a 11
Auxiliares administrativos	0	1
Axudantes de servizo	9	2
TOTAL	34	20

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. (*http://www.diba.cat/biblioteques/documentspdf/Estandards_catala.pdf)

Indicadores de persoal

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais (2008)	Media española (2004)	IFLA
Persoal / 2500 hab.	0,1	0,18	0,8	0,9	0,8	0,68	0,59	1
Bcos. / 2500 hab	0,05	0,18	0,1	0,2	0,2	0,11	0,11	0,33

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>. Os datos da IFLA de : "Directrices IFLA/UNESCO para el desarrollo del servicio de bibliotecas públicas". IFLA, UNESCO, 2001

Formación

BPS	2008	2009
cursos	25	123

A dotación de persoal a pesar da redución do 2009 pola falta de cobertura de vacantes e de baixas segue a estar por enriba das medias de Galicia, dos estándares cataláns e de España (se ben desta última as referencias son moi antigas, 2004), pero non se chega ao estándar internacional da IFLA.

A RPT da Biblioteca está claramente mal creada desde o ano 2008 en que o nº de ordenanzas-subalterno (persoal non cualificado e non propio de biblioteca) é moi numeroso, mentres que o nº de técnicos cada vez é máis necesario incrementalos polas esixencias do público e da sociedade da información que demandan máis produtos creados e maior dominio das novas tecnoloxías e non hai persoal administrativo.

Actividades profesionais do persoal da BPS

BPS	Bibliotecarios participantes 2008	Bibliotecarios participantes 2009
Grupos de traballo estatais		
ALFIN	1	1
Selección cooperativa	1	1
GT a nivel de Galicia		
Indización de literatura infantil	2	
Indización de literatura de adultos	2	
Servizo de Información Selectiva	1	1
Manual de catalogación de seriadas	1	
Administración e coordinación do programa Absysnet	3	3
Estudo do programa Koha		3
TOTAL	11	9

O persoal da biblioteca é moi activo e implicado noutros proxectos de máis envergadura e maior repercusión que a propia biblioteca, ademais pola cantidade de cursos que solicitan vése que téñen grande preocupación por formarse, son traballadores e traballadoras exemplares.

A resaltar no ano sobre os Recursos humanos

A centralización do préstamo nun só mostrador (andar baixo), supuxo a reorganización de todo o traballo interno, dos auxiliares especialmente, en resume, maior racionalización.

Posibles melloras

A planificación aínda pendente

A creación de grupos de traballo


Maior fluidez de información interna

Reunións máis frecuentes

Recursos económicos

Gastos

BPS	2008	2009
Gastos de persoal	527420,54 €	829952 €
Adquisición de fondos	75113,04 €	169883 €
Gastos en actividades	15592,18 €	16177 €
Outros gastos correntes	122691,57 €	187538 €
Gastos de informatización	19324,67 €	1032 €
Gastos en obras	86712,39 €	56288 €
Gastos en equipamento	17143,8 €	108693 €
TOTAL	863998,19 €	1369563 €




Indicadores

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2008	UE 2001
Gasto / hab	26,46	0,04	1,01	9,1	14,40	7,1 (2006)	8,70	
G. adq fondos / hab	0,0002	0	0,8	0,7	1,78	0,74	1,37	1,93
G. correntes / hab	1,38	0,04	0,1	7,8	12,60	8,06	8,8	
G. de persoal / hab	1,35	?	?	5,5	8,72	5,75	5,7	

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>. A media da UE de : "Las colecciones de las bibliotecas públicas en España. Informe de situación". Ed. Electrónica, FGSR, 2003.

Indicadores en gráfico

Indicadores de gastos



O gasto neste último ano foi moi forte sobrepasando as medias españolas e por suposto as galegas das outras Nodais. Incluso o gasto en adquisicións de fondos case chega á media europea do 2001.

A resaltar no ano sobre os Recursos económicos

O investimento seguiu a ser moi forte en todos os aspectos

Posibles melloras

Conseguir manter o nivel de gasto actual

4. Servizos ofertados

Relación

- Información, damos a información básica sobre a biblioteca e os servizos
- Catálogo colectivo en liña das bibliotecas de Absysnet (19 bibliotecas de Galicia entre as que están as Nodais, as de arquivos e museos e a municipal de Ferrol) a través de 16 opac dentro da biblioteca e consultable vía web
- Lectura en sala : prensa, revistas, libros, CD-ROM, DVD, CD audio, etc
- Préstamo individual e colectivo, préstamo intrabibliotecario, xestionado automaticamente (entre bibliotecas da rede Absysnet) e interbibliotecario (co resto das bibliotecas). O fondo prestable supón o 91% do total e préstanse todos os soportes. Temos unha caixa de correo para as devolucións fóra do horario de apertura. Está a grande parte do fondo en acceso directo.
- Autopréstamo
- Acceso público e gratuíto a internet
- Ofimática, facilitamos tamén a impresión e o gravado de documentos
- Actividades de promoción cultural e fomento da lectura
- Actividades de extensión bibliotecaria
- Préstamo de locais e espazos
- Servizo de desideratas
- Páxina web : www.rbgalicia.org/santiago

Servizos de nova creación no 2009

Levámosche os libros a casa : creouse un servizo para persoas con incapacidades ou problemas de desprazamento

D.S.I. : Difusión Selectiva da Información para manter informado ó lector naquelo que máis lle interesa.

Buscas de lexislación : coa base de datos Westlaw fanse buscas de leis, decretos ou outras normas

Mesa de intercambio : para que a xente intercambie documentos propios desde a propia BPS.

Apertura

O horario de apertura cubre **66 horas e media semanais**, repartidas de luns a venres con horario de 8,30 a 21 h. (12 horas e media de apertura diaria nos días laborais) e os sábados de 10 a 14 h. durante o inverno. O horario de verán dos meses de xullo e agosto redúcese 1 hora e queda do seguinte modo : de 8,30 a 14,30 e non se abre pola tarde, nestes 2 meses non se abre os sábados.

Apertura BPS	2005	2006	2007	2008	2009
Días	227	226	?	229	297
Horas	2724	2712	?	2239	2931

Comparativa cos estándares cataláns

		Bca Central Comarcal	Plan Bcas Barcelona 98-2010*
		100.000 hab	Bca de 3900 m2
	BPS 2009	Estand Dip Barc 2001*	Biblioteca permanente provincial
Horas x semana	66	60	60 a 84

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. (*)"La arquitectura de las bibliotecas : Recomendaciones para un proyecto Integral". Col-legi d'Arquitectes de Catalunya. Santi Romero, 2001

A pesar de que o horario abrangue as máis de 40 h. semanais que son a media das españolas e que está na franxa indicada polos estándares cataláns, a apertura en moitas das bibliotecas públicas españolas é moito máis ampla. Ademais recibíronse suxestións e reclamacións solicitando a apertura dos sábados todo o día e dos domingos, así como as tardes do verán. A apertura en horario non laboral faría que a biblioteca se achegara máis ao concepto de centro de ocio e de encontro da poboación.

A resaltar nos Servizos ofertados

A pesar de ser unha biblioteca moi ben dotada de recursos a oferta de servizos é moi tradicional.

Posibles melloras

É preciso crear novos servizos máis actuais ó nivel doutras bibliotecas españolas ou mesmo galegas como as municipais da Coruña

A apertura máis alá do horario típico

Ampliar os servizos de extensión bibliotecaria para captar máis usuarios que aínda é unha porcentaxe moi baixa.

5. Uso dos servizos

Visitantes


BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2008
Visitantes	11531	10534	8994	161876	164307	69204	
Visitas / hab	0,12	0,11	0,09	1,7	1,7	1,71	2,7
Visitas / usuario inscrito	42,2	48,5	54,8	24	14,5	17,10	8,02
% visitas q usaron internet	0	0	0	20,5%	42%	46,2%	15,42%
% visitas q ue usaron o préstamo*	20%	17,7%	11,1%	45%	83%	102,9%	59,39%

*A porcentaxe de visitantes qu e usaron o préstamo é calculado polos préstamos que se fixeron o cal non é moi creíble porque cada persoa pode levar ate 10 préstamos.Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia :<http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>.

O nº de visitantes aumentou de forma impresionante nos 2 últimos anos e resulta moito máis alto có do resto das Nodais. Sen embargo, a poboación que visitou a biblioteca aínda está por debaixo da media española, en cambio en relación co nº de usuarios inscritos si que houbo moitas visitas. O método de medida (estimación baseada en varias semanas) non é moi adecuado polo que isto pode modificarse notablemente cando se instale un sistema informático.


Con respecto á media española o nº de visitantes que usan internet é moi elevado.

Evolución dos visitantes



Destinos dos visitantes

% usos dos visitantes	Préstamo a domicilio	Préstamo interbco	Internet	Ofimática	Activ culturais
2008	45%	0,3%	20,5%	0,4%	2%
2009	83%	1%	42%	0,7%	3,3%



*Se os cálculos son correctos en canto ao préstamo (Ver * da páxina anterior), este é o principal obxectivo da visita á biblioteca, moi atrás está a consulta de internet e tamén hai que ter en conta que o estudo e a consulta da prensa non se contabilizan.*

Cada día, cada hora na BPS en visitas

2008	2009
Cada día recibíronse 706 visitas	Cada día recibíronse 553 visitas
Cada hora 72 persoas visitaron a Bca	Cada hora 56 persoas visitaron a Bca
Cada cidadán visitou a BPS 1,7 veces	Cada cidadán visitou a BPS 1,7 veces

Usuarios inscritos

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2008	Media UE 2001
Novos usuarios inscritos	273	115	164	6569	4555	2013,8		
Total inscritos a fin de ano	273	217	164	6739	11302	20859,2		
Porcentaxe de poboación inscrita	0,2 %	0,2 %	0,1 %	7,1 %	12,5%	16,7%	25,8 %	29 %
Novos usuarios x 1000 habitantes	1,48	1,2	0,8	69,6	47,9	14,40	26,36	


Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>. A media da UE de : "Las colecciones de las bibliotecas públicas en España. Informe de situación". Ed. Electrónica, FGSR, 2003.

A cantidade de novos usuarios é realmente alta con respecto ao resto das Nodais, sen embargo a porcentaxe de poboación inscrita segue a ser moi baixa, anda na metade da media española e máis da metade da europea, isto significa que hai que conseguir máis usuarios, aínda que a cantidade por ano que se está conseguindo é espectacular.

Nas Nodais de Galicia

Novos usuarios	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Santiago
2008	1619	1999	1397	1729	3560	6569
2009	1639	1499	1468	1963	3594	4555

Novos usuarios nas Nodais




Tipoloxía e procedencia dos novos usuarios

Tipos	2008	2009	Total fin 2009	%
Adultos	5663	3493	9935	88%
Infantís	1076	599	1346	12%
Institucións	8	13	21	0,1%

Procedencia	2008	2009
Galicia	4599	3065
Resto de España	341	406
Latinoamérica	150	185
Europa Occidental	77	76
Europa Mediterránea	57	86

Código postal	2008	2009
15701	299	154
15702	378	177
15703	534	241
15704	683	253
15705	803	298
15706	461	240
15707	216	104
15897	26	10
15009	9	4
Prov. Coruña	1306	520
Prov. Lugo	52	27
Prov. Ourense	42	16
Prov. Pontevedra	185	53



*O perfil do noso usuario segue a ser unha muller adulta que habita en Santiago e que vive no código postal 15705 que se corresponde cunha zona do concello situada ao norte (Polígono do Tambre, Meixonfrío, Cruceiro) e que non é a máis próxima á biblioteca, enlaza a avenida da biblioteca coa carretera nacional que a cruza, tamén se trata dunha zona que non está dotada de ningunha infraestructura cultural. Detrás está o código postal da propia biblioteca. Os de menos usuarios corresponden a Viso, Fontiñas, Amio, a zona noreste da cidade que dispón da biblioteca **municipal** mellor dotada.*

Cada día, cada hora de novos usuarios na BPS

2008	2009
Cada día 29 persoas se inscriben como novos usuarios	Cada día 15 persoas se inscriben como novos usuarios
Cada hora inscribíense 3 persoas como novos usuarios	Cada hora inscribíense 1,5 persoas como novos usuarios
O 7,6 % dos novos usuarios son estranxeiros	O 24 % dos novos usuarios son estranxeiros


Préstamos

Préstamo a domicilio na BPS

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española 2008	Media UE 2001
Préstamos	2315	1872	1007	73475	136451	111164		
Préstamos / hab.	0,02	0,02	0,01	0,77	1,43	0,8	1,23	4,9
Préstamos / usuarios inscritos	8,4	8,6	6,1	10,9	12	5,8	4,7	
P. de libros / hab	0,02	0,01	0,01	0,37	0,73	0,4	0,7	
P. de audiov / hab				0,3		0,2	0,5	

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>. A media da UE de : "Las colecciones de las bibliotecas públicas en España. Informe de situación". Ed. Electrónica, FGSR, 2003.


Evolución dos préstamos na BPS



A evolución interna dos préstamos é impresionante nestes 2 últimos anos e máis aínda neste último en que se superaron a media das Nodais galegas e a media española por habitante. A pesar disto non se chega á media europea do 2001. Os préstamos por usuario inscrito duplica a media española o cal nos fala dun uso moi forte dos usuarios do servizo de préstamo. En canto ás diferencias por materiais os libros chegan á media española, en cambio os audiovisuais aínda non alcanzan este indicador.

Préstamo a domicilio nas Nodais

Préstamos Nodais	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Santiago
2008	148460	162625	66225	84830	159883	73475
2009	138110	110596	77471	95074	183792	136451



A BPS no 2008 ocupou o 5º lugar (só estivo aberta durante 8 meses) pero no 2009 xa está de 3ª, detrás de Vigo e a moi pouca distancia da Coruña, as 2 son bibliotecas que serven a cidades que triplican e duplican respectivamente a poboación santiaguesa e teñen coleccións moito máis amplias.


Porcentaxe de habitantes que son usuarios do préstamo a domicilio

Anos	Usuarios activos do préstamo / hab.
2005	Sen datos
2006	Sen datos
2007	Sen datos
2008	5,1 %
2009	6,8 %

Préstamo a domicilio na BPS por meses

P. a domicilio por meses 2008-2009

Mes	2008	2009
1	22	10934
2	8	10722
3	178	12250
4	6917	12552
5	8173	11178
6	7561	11369
7	5001	7416
8	5034	6681
9	9551	12106
10	10765	14469
11	10879	14360
12	9681	12414
TOTAL	73475	136451




A curta experiencia destes 2 últimos anos en que se informatizou o préstamo nos fala dun forte incremento do préstamo durante os meses de outubro e novembro quizá influído polo comezo do curso universitario. Tamén son fortes os meses de abril, marzo, decembro e setembro. A redución dos meses de xullo e agosto case á metade cadra tamén coa redución a máis da metade de horario da biblioteca a 30 horas semanais en vez das 66 e media do resto do ano. Se prescindimos dos 3 primeiros meses do 2008 en que non funcionou a biblioteca e comparamos os 2 anos temos un incremento do 28 % respecto ao ano anterior, realmente nada desdeñable.

Préstamo a domicilio en función da tipoloxía documental

BPS	2005	2006	2007	2008	2009
P. de libros	2051	1603	1007	35759 (49%)	69471 (51%)
P. de Non -libros	0	0	0	37715 (51%)	66107 (49%)

P. a domicilio de libros e non-libros




No 2009 o fondo de libros supón o 92 % da colección e os non-libros o 8%, este 8% soportou o 49% dos préstamos o que supón unha sobreplotación desta parte da colección. Tamén é verdade que hai que ter en conta que os préstamos dos non-libros son máis curtos (7 días fronte ós 15 d. dos libros). Pero está constatado en todos os estudos que os audiovisuais son os preferidos do público.

Préstamos a domicilio por tipo de usuario

BPS	P. a adultos	% do total	P. a nenos	% do total	P. a institucións	% do total
2005	2295	99%	20	0,8%	0	0%
2006	1797	96%	75	4%	0	0%
2007	928	92%	79	7,8%	0	0%
2008	62499	85%	10586	14%	390	0,12%
2009	117517	87%	17580	13%	529	0,39%

P. a domicilio por tipo de usuario



O predominio do préstamo a adultos é claro, explicable na similar proporción de tipo de usuarios (84% adultos, 15% nenos e nenas) e de poboación (88% adultos, 12% nenos e nenas) e tamén na maior franxa horaria dispoñible para os adultos, posto que os nenos pasan a meirande parte do día escolarizados. A colección tamén reflicte esta proporción (88% colección infantil, 12% adulta) aínda que xa queda dito que a infantil é escasa posto que o recomendado é o 33% do total. Hai que sinalar o aumento de forma considerable do préstamo a institucións desde o ano anterior aínda que represente unha proporción ínfima do total significa que as entidades empezan a usar a biblioteca para surtirse de documentos.

Autopréstamo


Comezou a funcionar a primeiros de Marzo. Total de préstamos : 22741 (21% do total)

Adultos 22221, Nenos 451, Persoal 69)

Tipo de material prestado : Libros 8358, Audiov. 14821, Pub. Per. 102

2009	marzo	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setembro	outubro	novembro	decembro
autopréstamo	1713	1820	2047	2631	1388	1343	2534	3015	2783	2586
total prestamos	14360	14469	12106	6681	7416	11369	11369	11178	12552	12414
% do total	14	15	18	23	18	20	20	20	19	21

Autopréstamo na BPS




A media de préstamos realizados pola máquina quédase nunha media do 20% do total, non hai grandes diferencias entre os meses a non ser os do verán en que a cantidade é inferior pero a porcentaxe mantense. O autopréstamo fai ao usuario máis autónomo e libre ademáis de permitirlle maior confidencialidade, polo que respecta ao persoal supón menor carga de traballo mecánico e máis tempo dispoñible para facer outras tarefas. De todos modos o funcionamento non é moi correcto, a maioría dos problemas débense á conexión co programa de xestión absynet e tamén debido a el non se poden explotar todas as potencialidades do produto (non son posibles as renovacións por exemplo ou da bloqueos cando o lector ten préstamos interbibliotecarios).

Promedio de rotación da colección

Cantidad docs	Préstamos	2009	% do total de préstamo	Rotación
77812 libros ad	P. de libros adultos	49172	39,00%	0,63
6147 non lib ad	P. de Non -libros adultos	49373	47,00%	8
10479 lib infantís	P. de libros infantís	20299	9,00%	1,9
1222 non lib infantís	P. de Non -libros infantís	16734	5,00%	13,6

Rotación dos materiais




Está claro que os documentos non librarios son os que máis se moven na biblioteca, ben sexa pola preferencia do público ben polo préstamo máis curto (só 7 días fronte aos 15 dos libros e sen renovación posible). Tamén hai que constatar que na sección infantil ocorre isto mesmo, pero aínda máis acentuado.

Préstamos a domicilio de todos os documentos en función da CDU

C.D.U.		Nº préstamos
0	Xeralidades	7536
1	Filosofía e psicoloxía	2310
2	Relixión, teoloxía	703
3	Ciencias sociais	4311
5	Ciencias puras	3183
6	Ciencias aplicadas	3954
7	Artes, deportes	52692
8	Lingua e literatura	43152
9	Xeografía e Historia	6890

Préstamos por CDU




O 7 e o 8 son os números máis prestados, correspóndense tamén coa proporción maior da colección e constata a orientación cara o ocio do público.

Préstamos a domicilio de documentos impresos en función da CDU.

C.D.U.		Nº préstamos
0	Xeralidades	6730
1	Filosofía e psicoloxía	2132
2	Relixión, teoloxía	627
3	Ciencias sociais	3402
5	Ciencias puras	1692
6	Ciencias aplicadas	3133
7	Artes, deportes	3763
8	Lingua e literatura	41612 (82: 35277)
9	Xeografía e Historia	4711

P. a domicilio de docs impresos por CDU




De novo constatamos que a literatura e o cine son o máis prestado con moita diferenza respecto aos demais temas.

Préstamos a domicilio de DVDs en función da CDU.


C.D.U.		Nº préstamos
0	Xeralidades	324
1	Filosofía e psicoloxía	70
2	Relixión, teoloxía	76
3	Ciencias sociais	709
5	Ciencias puras	1178
6	Ciencias aplicadas	537
7	Artes, deportes	41778
8	Lingua e literatura	186
9	Xeografía e Historia	1906

P. a domicilio de DVDs por CDU



Préstamo a domicilio de docs. en libre acceso frente aos de depósito

Libre acceso	Depósito
134547	1904



O éxito do libre acceso para facer máis accesibles os documentos ao préstamo está xa longamente demostrado.

Cada día, cada hora de préstamos na BPS

2008	2009
Cada día fanse 321 préstamos a domicilio na BPS	Cada día fanse 459 préstamos a domicilio na BPS
Cada hora realízanse 33 préstamos	Cada hora realízanse 46 préstamos

Préstamo interbibliotecario

P. inter BPS	2008	2009	Media resto Nodais 2008
Pedimos	498	1770	
Nos pediron	207	774	
TOTAL	705	2544	984,8

Nos pediron as Nodais+ Ferrol 2009	Nº docs
A Coruña	130
Lugo	27
Ourense	56
Pontevedra	385
Vigo	165
Ferrol	30

O incremento do préstamo interbibliotecario é do 260% e moi superior á media do resto das Nodais, é un servizo de largo éxito que fai realidade a cooperación bibliotecaria. Tamén pódese explicar pola colección máis exigüa que ten esta biblioteca con respecto a outras Nodais mellor dotadas en fondos bibliográficos.

Uso de internet

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008
Uso de internet (sesións)	0	0	0	33306	69152	10016,6
Uso de internet x hab	0	0	0	0,35	0,72	0,4
Usuarios inscritos no servizo	0	0	0	4604	7744	

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/>

O incremento do uso deste servizo foi dun 108% e de usuarios inscritos do 68%, o uso deste servizo é moito máis amplo que na media das Nodais. A pesar de que a posesión do ordenador é cada vez máis frecuente aínda non está tan extendido aquí coma noutros países e sempre quedan xente sen recursos.

Cada día, cada hora o uso de internet na BPS

2008	2009
Cada día 145 persoas consultan internet	Cada día 232 persoas consultan internet
Cada hora 15 persoas	Cada hora 23 persoas

Uso da ofimática

Uso ordenadores ofimática	2008	2009
Ordenador adultos	641	1143
Ordenador infantil	NS	NS

Tamén se incrementou o uso deste servizo tan básico como é dispor dun ordenador para facer un traballo

Uso de lectores de cd, dvd e outros equipos


Non hai contabilidade de momento

Accesos ao OPAC

Accesos ó OPAC	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Santiago
2008	154218	72288	37206	32575	89537	17166 (6°)
2009	157052	50875	51007	39424	131142	49740 (5°)

O incremento na BPS con respecto ao 2008 foi dun 190%, pero é un uso no que non destaca con respecto ás outras Nodais de Galicia, senón todo o contrario, pode indicar que a sinalización é suficiente e que o público non precisa buscar no catálogo, pero tamén pode tratarse dunha falta de formación dos usuarios por parte da biblioteca. Esta última é unha tarefa pendente que precisa de infraestrutura (ordenadores e sala) destinados a este fin.

Accesos ó OPAC nas Nodais



Accesos á Biblioteca Dixital

Como queda dito máis arriba o acceso á Biblioteca dixital no ano 2008 foi insignificante, en cambio no 2009 houbo 1152 accesos o que nos convirte na biblioteca de Galicia con máis accesos

Accesos á Biblioteca Dixital

Xa mencionamos anteriormente que a Biblioteca Dixital é un recurso dispoñible para toda a Rede de Bibliotecas de Galicia, accesible desde a páxina web de cada biblioteca. Accesibles : 113 libros electrónicos e enciclopedias, a Base de datos ICONOCE de prensa antiga e moderna e os recursos CER (Compendio Educativo en Red) e E-Junior.


Os recursos máis consultados a nivel xeral (non hai estudo por biblioteca) son : a Hemeroteca dixital con máis de 60.000 accesos e detrás con 1477 E-Junior, logo CER con algo máis de 1000, Enciclonet e Ocenet Saber con máis de 600, todos os demais están por debaixo dos 200.

O máis consultado da Hemeroteca dixital con moitísima diferenza é a prensa en liña (un extracto de novas comarcais e culturais). O acceso faise sobre todo a través do portal Meiga das bibliotecas municipais e escolares.

Durante este ano tivo un total de 1.152 accesos desde a nosa biblioteca. Estes accesos nos colocan no 10º posto de 750 centros de Galicia contando institutos, colexios e museos e no 1º posto en canto a biblioteca nodais con moitísima diferenza sobre o resto como pode observarse no cadro de abaixo.

A colección dixital é un recurso claramente novidoso que necesita máis promoción pero que resulta sumamente eficaz pola súa accesibilidade a distancia.

Bibliotecas Nodais	Nº de accesos
A Coruña	190
Lugo	86
Ourense	7
Pontevedra	101
Vigo	4
Santiago	1152




Reservas de espazos da BPS

Salón de actos	59 veces
Salas de traballo en grupo	286 veces

As zonas reservadas a grupos e para actividades complementarias son fundamentais nas bibliotecas, a BPS ten escaseza das mesmas por iso as 2 existentes están cada vez máis solicitadas (media dun uso diario) e iso que non se están a facer aínda cursos de formación por parte da bibliototeca que tamén necesitará utilizalas.

Actividades de extensión cultural

Activ. De ext. cultural	BPS	Asistentes		
		Adultos	Nenos	Total
2005	0	0	0	0
2006	0	0	0	0
2007	0	0	0	0
2008	165			3186
2009	285	2587	2916	5503




O incremento de asistentes ás actividades vai en progresión matemática como se pode ver no gráfico, tamén son cada vez máis numerosas e variadas. Están repartidas case a partes iguais entre adultos e público infantil.


Tipo de activ cultural 2008	Nº	Asistentes		
		Adultos	Nenos	Total
Clubs de lectura	32	640	0	640
Contacontos / lecturas voz alta	33	NS	330	330
Concertos	2	NS	NS	NS
Teatro	2	0	40	40
Conferencias	2	100	0	100
Obradoiros	23	NS	NS	356
Exposicións	14	NS	NS	NS
Mostras bfcas	12	NS	NS	NS
Actos oficiais	2	400	0	400
Encontros co autor	3	60	0	60
Xogos	1	0	10	10
Presentacións libros	7	350	0	350
Visitas guiadas	14			900
Visitas escolares	22			
TOTAL	165			3186

Tipo de activ cultural 2009	Nº	Asistentes		
		Adultos	Nenos	Total
Clubs de lectura	51	680	0	680
Contacontos / lecturas voz alta	47	802	1081	1883
Concertos	3	89	85	174
Teatro	5	72	124	196
Conferencias	5	163	0	163
Obradoiros	51	290	547	837
Exposicións	10	NS	NS	NS
Mostras bfcas	24	NS	NS	NS
Actos oficiais	0	0	0	0
Encontros co autor	1	15	0	15
Xogos / Festas / Maxia	5	100	114	214
Presentacións de libros	7	120	0	120
Recitais	3	45	0	45
Danza	3	50	26	76
Proxec / Audic	13	90	0	90
Celebr día do libro	2	NS	NS	NS
Visitas guiadas	16	71	0	71
Visitas escolares	36	0	939	939
TOTAL	285	2620	2883	5503

Asistencia a activ culturais 2009 por tipo de actividade e participante



Nenos vs Adultos en activ culturais 2009



Indicador

BPS	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media española
Activ cult / 10000 hab	17,5	30	12,30	34,18

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>.

A asistencia ás actividades é moi ampla case se achega á media española a pesar de que non se contabiliza a asistencia a actos coma exposicións ou a mostras bibliográficas e case triplica a media do resto das Nodais. En canto ao tipo de asistentes están case igualados adultos e nenos.

O uso da extensión bibliotecaria

Este ano consistiu nunha bibliopraza durante o Nadal 3 días (28, 29 e 30 de decembro) na Praza Roxa. Houbo 250 asistentes. A promoción da biblioteca é fundamental porque a proporción de poboación á que chega é moi baixa.

O uso doutros servizos

Servizo de información e referencia. Existe, pero non hai contabilidade.

Formación de usuarios. Non existe aínda por falta de infraestrutura (aula e ordenadores), é unha conta pendente. Os datos tirados do uso dos opacs sinalan a formación como imprescindible para que a xente explore adecuadamente as ferramentas da Biblioteca.

O uso cada día, cada hora na BPS

Cada HORA na BPS	
2008	2009
Recíbense 72 visitantes	Recíbense 56 visitantes
Inscríbense 3 usuarios novos	Inscríbense 1,5 usuarios novos
Fanse 33 préstamos	Fanse 46 préstamos
Ábrense 15 sesións de internet	Ábrense 23 sesións de internet
Accédese ó OPAC 8 veces	Áccedese ó OPAC 17 veces

Cada DÍA na BPS	
2008	2009
Recíbense 706 visitantes	Recíbense 553 visitantes
Inscríbense 29 usuarios novos	Inscríbense 15 usuarios novos
Fanse 321 préstamos	Fanse 459 préstamos
Ábrense 145 sesións de internet	Ábrense 232 sesións de internet
Accédese ó OPAC 75 veces	Accédese ó OPAC 167 veces
Realízanse 0,6 act culturais	Realízanse 0,8 activ culturais

A resaltar no ano sobre o uso dos servizos

O aumento progresivo do uso dos servizos no tempo é moi bó e o máis positivo do avance da biblioteca, máis do 100% nalgúns casos, destaca especialmente o préstamo que supera a media galega e o indicador estatal de préstamo por habitante, aínda que non chegue á media europea.

Posibles melloras

O estudo dos usuarios é fundamental para marcarse obxectivos e tomar medidas que aumenten os indicadores de visitantes e novos inscritos.
Maior promoción do autopréstamo e da autodevolución.
Creación doutros servizos máis novidosos

Repercusión nos medios de comunicación


2008	2009
95 citas nos diarios dixitais	228 citas nos diarios de papel

Os medios de comunicación no 2008 fixéronse eco da inauguración da nova sé da biblioteca, aínda así a atención dos mesmos aumentou considerablemente no ano seguinte.

Os usuarios se pronuncian

Temática de Reclamacións / Suxestións	2008	2009
Máquinas expendedoras	29	2
Equipos informáticos, internet, wifi	28	41
Servizos	22	29
Mobiliario	16	8
Edificio	14	4
Ruído	6	4
Idioma	5	2
Ecoloxía	5	1
Fondo bibliográfico	5	3
Persoal		3
Outros	3	7
TOTAL	133	112

Reclamacións / suxestións na BPS



As suxestións e reclamacións diminuíron un pouco con respecto ao 2008, desapareceron as que reclamaban máquinas expendedoras e en cambio aumentaron as de problemas cos equipos informáticos : houbo moitos problemas para gravar información nos pendrives nos ordenadores de consulta de internet e problemas coa wifi. Tamén os servizos son máis cuestionados ou máis revisados polo público.

6. RESUME

Dados I

BPS	2005	2006	2007	2008	2009
Poboación	92919	93458	93712	94339	95092
Espazos m2	310	310	310	5076	5076
Postos lectura	81	81	81	418	449
Estanterías (m. liñais)				6586	6586
M. liñais ocupados polo fondo	728	728	728	3556	3743
Documentos total	33298	33301	33902	80302	95660
Libros e folletos					88291
Audiovisuais					3851
Electrónicos					858
Fondos adquiridos	3565	3	601	42275	16510
Ordenadores uso público	0	0	0	53	55
Ordenadores acceso internet	0	0	0	36	35
OPACs				15	17
Persoal	6	7	29	44	38
cursos				25	123
Proxectos bcos	0	0	0	11 bcos (7 prox)	9 bcos (5 prox)
Gastos totais	2459030	3750	95055	1039085	1.369.563,00 €
Gastos en adquisicións de fondos	19,83	0	82820	74939	169883
Horas semanais apertura	60	60	60	66,5	66,5
Días apertura	227	226	?	229	297
Horas	2724	2712	?	2239	2931
Adultos				5663	3493
Infantís				1076	599

Dados II

BPS	2005	2006	2007	2008	2009
Institucións				8	13
Galicia				4599	3065
Resto de España				341	406
Latinoamérica				150	185
Europa Occidental				77	76
Europa Mediterránea				57	86
P. interbco.				705	2544
Uso ordenador ofimática adultos				641	1143
Accesos ao OPAC	0	0	0	17166 (6°)	49740 (5°)
Sesións Bca dixital	0	0	0	?	1152
Uso internet	0	0	0	33306	69152
Visitantes	11531	10534	8994	161876	164307
Novos usuarios inscritos	138	115	79	6569	4555
Total de usuarios inscritos	273	217	164	6739	11302
Préstamos a domicilio	2315	1872	1007	73475	136451
Activ. culturais	0	0	0	165	285
Asistentes a activ culturais	0	0	0	3186	5503
Salón de actos					59 veces
Salas de traballo en grupo					286 veces
Extensión bibliotecaria.					1 bibliopraza no Nadal : 250 asistentes
Repercusión en medios				95 citas nos diarios dixitais	228 citas nos diarios de papel
Suxestións-reclamacións				133	112

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. (*) "La arquitectura de las bibliotecas : Recomendaciones para un proyecto Integral". Col·legi d'Arquitectes de Catalunya. Santi Romero, 2001

Indicadores I

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media España 2008	Media UE 2001	IFLA 2001
Habitantes x posto	1147	1154	1157	226	212	547	177,06		
Postos area xeral x 100 hab					2				1
Postros infantís x 100 nenos					0,95				1,5
Postos hemeroteca x 2500 hab					0,7				1
m ² x 1000 habitantes					54 m ²	32,6 m ²	22 m ²		56 m ²
Ordenadores con internet / 2000 hab	0	0	0	0,76	1,09	0,4	1,37		
Ordenadores públicos	0	0	0	53	55	25,6			
Orden pub para acceso internet	0	0	0	36	35	23,2			
Ordenadores pub x 2500 hab	0	0	0	1,4	1,4	0,8			
Ordenadores pub para acceso a internet x 10.000 hab	0	0	0	3,8	3,5	1,4	6,01		
Volumes x hab	0,35	0,35	0,36	0,8	1	1,06	1,52	2,2	1,5-2,5
Libros x habitante					0,9	1,1	1,34		
Audiov x 1000 hab					40,5	52,4	134,73		
Fondos adquiridos	3565	3	601	42275	16510	9886,8			
Total de fondos	33298	33301	33902	80302	95660	157059			
% crecemento da colec	11,00%	0,01%	2,00%	53,00%	17,00%	8,20%	6,5		
Adq de fondos x1000 habitantes	38,3	0,03	6,4	448,3	173,7	65,54	124,32		
Libros por persoa / ano	0,03	0	0,01	0,4	0,17				0,2
Libros por cada 1000 hab / ano	38	0,03	6	448	174				200
Persoal / 2500 hab	0,1	0,18	0,8	0,9	0,8	0,65	0,59		
Bcos. / 2500 hab	0,05	0,18	0,1	0,2	0,2	0,11	0,11		

Indicadores II

BPS	2005	2006	2007	2008	2009	Media resto Nodais 2008	Media España 2008	Media UE 2001
Gasto x hab	26,46	0,04	1,01	9,1	14,4	7,1	8,7	
Gasto adq fondos x hab	0	0	0,8	0,7	1,78	1,17	1,37	1,93
Gastos correntes x hab	1,38	0,04	0,1	7,8	12,6	7,18	8,8	
Gastos de persoal x hab	1,35	?	?	5,5	8,72	4,5	5,7	
Visitas x hab	0,12	0,11	0,09	1,7	1,7	1,8	2,7	
Visitas / usuario inscrito	42,2	48,5	54,8	24	14,5	17,1	8,02	
% visitas q usaron internet	0	0	0	20,50%	42,00%	46,20%	15,42%	
% visitas q ue usaron o préstamo*	20,00%	17,70%	11,10%	45,00%	83,00%	102,90%	59,39%	
Porcentaxe de poboación inscrita	0,20%	0,20%	0,10%	7,10%	12,50%	16,70%	25,80%	29,00%
Novos usuarios x 1000 habitantes	1,48	1,2	0,8	69,6	47,9	14,4	26,36	
Préstamos / hab.	0,02	0,02	0,01	0,77	1,43	0,8	1,23	4,9
Préstamos / usuarios inscritos	8,4	8,6	6,1	10,9	12	5,8	4,7	
P. de libros / hab	0,02	0,01	0,01	0,37	0,73	0,4	0,7	
P. de audio / hab				0,3		0,2	0,5	
Usuarios activos do préstamo / hab.				5,10%	6,80%			
Índice de rotación libros adultos					0,63			
Índice de rotación non libros adultos					8			
Índice de rotación libros infantís					1,9			
Índice de rotación non libros infantís					13,6			
Uso de internet x hab	0	0	0	0,35	0,72	0,4		
Accesos ó OPAC x hab	0	0	0	0,18	0,5			
Activ cult / 10000 hab	0	0	0	17,5	30	12,3	34,18	

Os datos da BPS son tomados das Estatísticas oficiais anuais. Os da media do resto das Nodais da web da Rede de Bibliotecas de Galicia : <http://www.rbgalicia.org/> A media española tírase da web do Ministerio de Cultura : <http://www.mcu.es/bibliotecas/index.htm>. A media da UE de : "Las colecciones de las bibliotecas públicas en España. Informe de situación". Ed. Electrónica, FGSR, 2003.

7. CONCLUSIONES

- **Misión**

A misión da BPS claramente establecida nos manifestos e leis require ser revisada unha e outra vez para non perder a perspectiva do que se nos pide : ata que punto cumprimos coas minorías?, somos accesibles para todo tipo de persoas?, promocionamos realmente a cultura e a lingua galegas?, a BPS é un centro de información? de encontro? un servizo de información local?.

- **Obxectivos**

O obxectivo de dar cumprimento ás necesidades dos nosos usuarios está malamente traballado porque carecemos dun verdadeiro estudo de usuarios.

O enclave da BPS é unha cidade que ten moi descoidada a rede bibliotecaria municipal e que fai recaer sobre esta biblioteca moito do peso que debería repartirse entre ela e unha rede municipal ben equipada. É fundamental achegarse aos usuarios alí onde habitan, crear puntos de atención que cobran mellor a extensión municipal, especialmente a área rural totalmente despoboada bibliotecariamente. A BPS podería establecerse como punto coordinador, promotor e centralizador de todas estas iniciativas.

Dos 35 obxectivos marcados para este ano leváronse a cabo 17 deles.

- **Recursos**

Os recursos con que conta a BPS hai que analizalos por partes porque non está dotada igualmente.

-En canto ás instalacións son moi amplias cumpren cos estándares, pero a distribución interna dos espazos non é todo o satisfactoria que se desexaría como nos deixa de manifesto a comparación cos estándares cataláns e da IFLA : hai zonas de escasos metros fronte a outras demasiado amplias. Son insuficientes as zonas de : Vestíbulo, Sala polivalente, Hemeroteca, Infantil, Música e imaxe, Fondo xeral e información, a de Descanso do persoal, Instalacións e servizos. Son inexistentes : as zonas de soporte (salas para formación e actividades) en todos os andares (salvo no 3º) e os almacéns de cada andar (só hai un moi reducido no baixo). Como na maioría dos espazos bibliotecarios creados en Galicia o estudo arquitectónico non foi riguroso e dialogado con bilbiotecarios. As obras realizadas no 2009 melloraron as instalacións en seguridade (barras das escaleiras), en accesibilidade (mecanización das portas), en confortabilidade (persianas) e en acondicionamento (acústica salas, reforma eléctrica). Ademáis se acondicionaron con máis mobiliario e equipamento.No que non hai escaseza é en metros liñais ocupados e libres, senón todo o contrario.

*-Os postos de lectura son máis ca suficientes en canto a estándares externos, pero mal repartidos, hai zonas moi escasas :
.Hemeroteca (case habería que duplicalos e poñer especial atención aos de lectura informal que son máis), así coma os de Audiovisuais (aínda que parecen contradicirse os propios estándares), os da sala polivalente (son xusto a metade dos recomendados).*

-Aínda se precisan máis ordenadores, non son suficientes segundo a media española, cada vez son máis reclamados. Hai que aumentar máis os de consulta a internet, deberían ser 31 + 20 de formación.

-A páxina web carece da viveza doutras máis actuais e máis atractivas : non ten blog, poucas fotos, carece de interactividade...

-Os recursos informativos son aínda escasos especialmente os audiovisuais, os sonoros (hai que multiplicar os actuais por 2,3) e os infantís (precisan polo menos 600 documentos máis), non se chega á cantidade adecuada para a poboación atendida. A pesar dos incrementos tan fortes dos 2 últimos anos o crecemento e a renovación debe ser moito máis alta do que é actualmente.

-Nunha análise da colección indícanos diversas carencias e fálanos da necesidade de reorientación nalgún campo. Así, resulta moi escasa en diferentes materiais diferentes ao libro como queda dito máis arriba, destacan os audiovisuais que soportan o meirande peso do préstamo a pesar da súa escaseza. Tamén destaca a escasa orientación cara o idioma galego que debería ser un punto forte da colección dada a misión establecida na Lei de bibliotecas de Galicia, a este respecto a débil representación que o portugués ten no conxunto total ten que cambiar para ser tamén un idioma de apoio, reforzo e dinamización do galego e da cultura galega. Hai que lembrar tamén a categorización do galego como idioma minoritario que hai que apoiar especialmente. Tamén hai que aumentar a representación dos diferentes idiomas do Estado e dos outros estranxeiros aparte do inglés.

Outra característica da colección é a súa deriva cara o ocio, que é tamén o máis prestado de todo o conxunto. Pero para ter unha colección equilibrada hai temas que deben ser máis traballados coma os de coñecementos (hai que multiplicar a cantidade actual por máis de 2, aínda que os dados de ficción e non ficción non teñen en conta os fondos que hai en depósito) e a colección infantil que é moi escasa (hai que aumentala en 6.000 documentos).

En cambio as revistas e diarios hai que dividilos por 4, son máis ca excesivos.

De cara á maior promoción da colección fanse mensualmente mostras bibliográficas con temas transversais para atraer máis a atención dos usuarios, simplemente o libre acceso non é suficiente (a colección está claramente volcada cara o acceso libre do usuario e a maior autonomía do mesmo), hai que poñer o marketing en práctica. Tamén se facilita o préstamo a domicilio o máis posible, o obxectivo é facer que os recursos sexan o máis utilizados posible.

A colección dixital é un medio de acceso á información que debe ser máis ampliado para facilitar aínda máis o acceso á información e á cultura da xente alonxada fisicamente da Biblioteca, por exemplo a das zonas rurais tan amplias e dispersas na zona.

-A dotación de persoal a pesar da redución do 2009 pola falta de cobertura de vacantes e de baixas segue a estar por enriba das medias de Galicia, dos estándares cataláns e de España (se ben desta última as referencias son moi antigas, 2004), pero non se chega ao estándar internacional da IFLA. Pero hai que sinalar a necesidade de aumentar o persoal técnico e administrativo e reducir o subalterno para adaptar mellor os recursos ás necesidades dunha biblioteca do s. XXI. A centralización do préstamo conseguiu unha maior racionalización do rendemento do persoal.

-Os recursos económicos utilizados foron moi fortes, especialmente os adicados á compra de fondos bibliográficos.

Servizos

Son o punto forte da BPS, o uso dos servizos rebasa todas as posibles previsións.

-As visitas, os usuarios de internet e os novos inscritos tiran cifras espectaculares, pero os indicadores sinalan que aínda queda poboación por conquistar.

-O préstamo a domicilio é o servizo estrela, o seu uso supera a media española e duplícaa en canto a préstamos por usuario inscrito. A explotación que fai a poboación do servizo fálanos dunha “fame” voraz. O seu estudo detallado indícanos que hai que ofrecer moitos máis audiovisuais. O ritmo incrementase ano a ano. Tamén o uso do préstamo interbibliotecario supera ás outras Nodais galegas. O público busca na BPS sobre todo fondo de ocio : cine e literatura sobre todo.

-O uso do servizo de internet e de ofimática tamén se incrementou moito con respecto ao ano anterior e moito máis ca no resto de Galicia.

-A BPS tamén destaca enormemente na consulta da Biblioteca dixital a nivel de toda Galicia.

-As zonas públicas reservables son cada vez máis solicitadas, o público asistente ás actividades culturais organizadas na BPS tamén crece a ritmo de vértigo.

-A apertura é tanto ou máis ampla ca no resto das Nodais, pero considero que debería ampliarse a horarios non laborais para permitir ser un centro de ocio da poboación (sábados á tarde, domingos e festivos e tardes de verán) e para sacar maior rendemento do investimento nela realizado.

Os datos tirados destes servizos falan dunha biblioteca con moitísimo éxito entre a poboación desde a súa nova residencia, cunha progresión interna espectacular e que a sitúa entre os mellores postos das Nodais que serven poboacións moito máis numerosas e que ofertan coleccións máis amplias.

Neste ano ademais puxéronse en práctica novos servizos : levámosche os libros á casa, D.S.I., as buscas lexislativas e a mesa de intercambio.

En xeral

A BPS é unha biblioteca que destaca a nivel galego polo investimento nos seus recursos, que a pesar de ter sido moi fortes quizá non fosen os máis adecuados e que no panorama español e internacional non nos deixa tan ben situados coma dentro de Galicia. O que resulta espectacular é a resposta do público aos servizos ofertados, queda claro que era unha poboación desatendida con moitísimas necesidades bibliotecarias insatisfeitas e que canto maior e mellor é a oferta, maior é a resposta do público.

8. OBXECTIVOS PARA O 2010

A sociedade

- Manter os vínculos sociais creados arredor da BPS, aumentalos a nivel de particulares e conseguir maior coordinación de esforzos sociais
- Conseguir maior repercusión a nivel cidadán
- Crear unha conta da biblioteca no Facebook e no Twitter, os recursos web 2.0 de máis éxito actualmente que poden facer máis visible a biblioteca na rede
- Adaptarse mellor ás necesidades dos usuarios levando a cabo un estudo dos potenciais e reais

O edificio, as instalacións e o equipamento

- Conseguir un lugar importante dentro da sinalización urbana (rótulo externo e vallas sinalizadoras)
- Acondicionar definitivamente o salón de actos acusticamente para poder introducir a música máis frecuentemente dentro das actividades da BPS
- Favorecer o encontro e a distensión do público na biblioteca buscando un medio de financiar a creación da cafetería
- Co mesmo obxectivo anterior crear unha terraza veraniega e mercar máis mobiliario interno para permitir a lectura informal
- Facer máis accesibles e prácticos os mostradores por medio do recorte dos mesmos e a reforma interna do mostrador de información
- Introducir a formación dentro das actividades da BPS, para iso é necesario o acondicionamento eléctrico das salas de traballo para facer cursos de informática nelas e crear novas salas de reunión por medio do peche con vidro dalgunha zona, así como incrementar o número de portátiles para facer os cursos
- Aumentar os postos de uso da wifi por medio dunha reforma eléctrica para permitir o uso de portátiles na zona de internet
- Aforrar enerxía para facer o centro sustentable socialmente : apagado sistemático de luces innecesarias, poñer detectores de presenza nas luces do soto
- Subsanar problemas de confortabilidade coa instalación de máis persianas nas zonas máis solleiras
- Mellorar as condicións lumínicas con flexos nos lugares de traballo
- Respostar á demanda de visionado de DVDs con máis lectores-reprodutores de DVD e BLU-RAY e pantallas
- Facer máis atractivos os fondos e a biblioteca con expositores de libros para estanterías de obra e para folletos de mostradores
- Facilitar o traballo de extensión bibliotecaria por medio da compra dun carro para levar e expoñer o material
- Facilitar o uso de todos os materiais na propia BPS para iso é necesario adquirir un reprodutor de discos de vinilo para usar a colección que facemos deste material de moda
- Extender a práctica de actividades culturais a outras zonas de BPS por medio dun proxector móbil
- Conseguir un compromiso das empresas de mantemento para resolver problemas pendentes desde a obra : climatización inadecuada, filtracións de auga, desprogramación do ordenador central coas ausencias de corrente, gasto eléctrico desbordante.
- Potenciar o autopréstamo para liberar deste traballo rutinario aos auxiliares para permitirilles facer outros labores de atención máis creativos para iso hai que comprar máis aparatos de autopréstamo e promocionalos mellor entre o público.

Os fondos

-Crear a política de desenvolvemento da colección para reorientala convenientemente en función da misión da biblioteca e dos usuarios :

Aumentar os materiais especiais, sobre todo audiovisuais (multiplicar por 2,3 os de adultos e aumentar en 600 os infantís)

Reforzar o fondo infantil polo menos nuns 6.000 exemplares máis fronte ao fondo de adultos.

Potenciar a sección de Coñecementos coas novas adquisicións

O idioma galego non ten suficiente representatividade e hai que aumentar máis o portugués e outros idiomas estranxeiros.

Reducir o nº de revistas e diarios (dividilos por 4)

-Comenzar a reorganización do fondo antigo e catalogalo en rede para facelo accesible

O persoal

-Promover a planificación do traballo

-Creación de grupos de traballo

-Promover a formación dentro da BPS cos propios técnicos

-Favorecer a maior fluidez da información interna e regularizar as reunións do persoal e transcribilas

Os procesos

-Axilizar máis a catalogación de novos documentos usando aos auxiliares para transferir documentos precatalogados ou ben poñelos ao público en precatalogación

-Recoller máis datos estatísticos para avaliar mellor os traballos e melloralos

-Facilitar a inscrición dos usuarios na BPS facéndolles a foto na propia BPS cunha webcam

Os servizos

-Mellorar o programa informático que controla os accesos a internet : conservar o tempo de sesión no mesmo día para abrir en varias ocasións, control das impresións... para evitar tantas reclamacións deste servizo.

-Crear un posto informático accesible para persoas con dificultades corporais ou psíquicas

-Crear novos servizos ao nivel doutras bibliotecas españolas ou mesmo galegas como as municipais da Coruña

-Ampliar a apertura máis alá do horario típico

-Ampliar os servizos de extensión bibliotecaria para captar máis usuarios que aínda é unha porcentaxe moi baixa.

-Crear un servizo de préstamo de aparatos : portátiles por exemplo, para adaptarse aos novos tempos e buscar novos fins nas bibliotecas

-Deixar claros a usuarios e persoal o funcionamento da BPS coa creación dun regulamento de biblioteca

-Mostras bibliográficas mensuais para promocionar mellor o fondo

-Activar máis a extensión bibliotecaria para conseguir máis usuarios novos e promocionar a BPS para aumentar a porcentaxe de poboación inscrita

-Aumentar a resposta da poboación ante os servizos da BPS : promocionar máis as actividades culturais e a BPS con medios máis novidosos coma vídeos e pantallas de TV